

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS SINALADOS NAS BASES DE SELECCIÓN – PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2017

APELIDOS E NOME: _____

DECLARO QUE:

1. Son demandante de emprego
2. Cumpro algunha das situacións de exclusión laboral recollidas no punto 3.1 das bases (marcar o que corresponda):
 - Muller
 - Maior de 45 anos
 - Persoa con discapacidade (nun grao igual ou superior ao 33%)
 - Persoa desfavorecida (situación de drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, fogar monoparental, problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, vítimas de violencia de xénero ou persoa sen fogar)
 - Persoa parada de longa duración
3. Cumpro os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable
4. Posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto e non incorro en causas de incompatibilidade para estas funcións
5. Non estou separado-a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007)
6. Non estou incurso-a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
7. Non ocupo ningún posto de traballo nin realizo ningunha actividade no sector público delimitado polo art. 1 da Lei 53/1984, e que non percibo pensión de xubilación, retiro ou orfandade.
8. Non estou condenado-a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

O que declaro en Rianxo, aos efectos de formalizar a solicitude de participación no proceso de selección para a contratación temporal do persoal adscrito ao Programa de Integración Laboral do Concello de Rianxo, a ____ de maio de 2017.